

---

# TEMPO DE EXILIO

Texto de JOSEBA SARRIONANDIA

Tradución de ISAAC XUBÍN

Ilustracións de SUSO BASTERRECHEA

---

Encadernación rústica, sobrecuberta. 15 x 23,5 cm. 264 páx. 15 €.

ISBN 978-84-15250-78-4. Factoría K de Libros. Tambo.

I PREMIO ETXEPARE-LABORAL KUTXA DE TRADUCCIÓN 2015

*Behin munduan, asko legez, mutil bat  
harrapatu  
eta gaztelu handiko ziegarik ilunenean  
giltzapetu zuten.*

.....

*Había unha vez un mozo a quen  
atraparon  
e fecharon no calabozo máis escuro  
do gran castelo.*

[Fragmento do poema "Ipuina" (Conto)]

Cunha vida de novela, lecturas caudalosas e un insubornable compromiso coa lingua milenaria da nación, Joseba Sarrionandia ofrécenos aos galegos a primeira escolma da súa poesía que vén a lume nunha lingua distinta do éuscaro orixinal. Pode así o lector deste libro achegarse, en edición bilingüe, a unha obra marcada polo peso dunha conciencia en rebeldía e polos refuxios atopados á beira dos grandes nomes da modernidade literaria.

Desde o rigor metálico e a ductilidade sentimental, e grazas a versións de músicos como Laboa, Ordorika ou Oskorri, a poesía que se presenta nesta antoloxía fai tamén parte da banda sonora do devir máis recente do pobo vasco; sen deixar de ser, nomeadamente, un mapa de terras alleas e un álbum de instantes imborrables.

En definitiva, os deste volume son versos que resumen unha longa odisea persoal iniciada por volta de 1985 e vixente ata hoxe mesmo, case tres décadas despois.

O resumo, por tanto, de toda unha vida lonxe...

---

www.FAKTORÍA  DE LIBROS.com  
comunicacion@faktoriakdelibros.com

---

JOSEBA SARRIONANDIA

## Tempo de exilio



Tradución para o galego Isaac Xubín

TAMBO

---

■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección

*Tambo*: "Os ángulos da brasa" (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013) e "Onde nunca é mañá", de Manuel Álvarez Torneiro; "Alén da fronteira" (Premio Lois Tobío de Tradución 2012), que recompila a obra de sete poetas vascos; "Tríptico", de Antoni Marí; "Espiral de sombras", de Xavier Seoane; "Estrela do norte", de Luís Rei Núñez.

### Joseba Sarrionandia

(Durango, 1958)

É un dos máximos referentes da moderna literatura vasca. Filólogo e docente ata o seu ingreso en prisión en 1980, cinco anos despois evádese do cárcere de Martutene e inicia un exilio que continúa hoxe. Tamén narrador, ensaísta e tradutor de varios idiomas (entre eles, o galego), é fundamentalmente poeta. Seus son algúns dos títulos máis sobranceiros da lírica vasca posterior a Aresti, como *Izuen gordelekuetan barrena* (Onde se refuxian os medos, 1981), *Intxaur azal baten barruan* (Dentro dunha casca de noz, 1983), *Marinel zaharrak* (Os vellos mariñeiros, 1987), *Gartzelako poemak* (Poemas do cárcere, 1992), *Hnuy illa nya majah yahoo* (1995) e *Hau da ene ondasun guzia* (Estes son todos os meus bens, 1999). Recoñecido con premios como o Aldekoa, o da Crítica ou o Euskadi, é un dos sete poetas vascos reunidos en *Alén da fronteira*, volume publicado en 2012 por *Tambo*; colección para a que el mesmo preparou esta antoloxía individual.